

Balance Plan de Acción Software Libre 2024



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Balance Plan de Acción Software Libre

O plan de Software Libre recolle os compromisos, obxectivos e actividades promovidas dende a administración pública en colaboración cos axentes galegos do Software Libre para a difusión e o fomento do uso de Software Libre en Galicia en tres ámbitos principais de actuación: **ciudadanía, empresas e a propia administración pública.**

A **Oficina de Software Libre da Xunta de Galicia**, encadrada na Área de Sociedade Dixital da AMTEGA, é a encargada de canalizar todas as accións recollidas neste plan, así como asesorar aos distintos axentes do goberno rexional en materia de software libre e datos abertos. Ofrece, ademais, labores de asesoramento e difusión a outras administracións locais, así como ao sector privado e á cidadanía.

A Oficina conta co portal mancomun.gal como cara visible. Este portal web ten o obxectivo de servir como portal de referencia e aglutinador de todas as iniciativas sobre software libre que se están a desenvolver en Galicia.

Elaborado por: Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

© Xunta de Galicia.

Esta obra distribúese cunha licenza Creative Commons Atribución-Compartir igual 4.0 Internacional.

Para ver unha copia da licenza pulse [aquí](#).

Este informe está dispoñible no portal Mancomún.



MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE
SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

O Balance





Empresa

O fomento do uso do Software Libre nas empresas é un dos ámbitos de actuación aos que a [Amtega](#) presta especial atención como medio para contribuír á mellora da eficacia e competitividade deste sector.



Colaboración con AGASOL



A Amtega contou un ano máis coa colaboración da Asociación de Empresas Galegas de Software Libre ([AGASOL](#)) na organización de actividades para achegar o software libre ao tecido empresarial galego.

A través do Convenio de colaboración con AGASOL, desenvolvéronse diversas actuacións, entre as que destaca a elaboración de [material didáctico sobre Intelixencia Artificial](#) orientado ás empresas galegas:

- ✓ Varias pezas multimedia en formato videoanimación para empresas.
- ✓ 19 infografías divididas en "tarxetas" para colgar en RRSS, cos principais temas tratados.

Tes unha empresa?

Queres saber en que lle vai afectar a Intelixencia Artificial?



Algunhas ferramentas de IA de Software Libre para a túa empresa



A comunidade de iniciativas de intelixencia artificial no ámbito do software libre é vasta e dinámica, impulsando a colaboración global e o intercambio de coñecementos para desenvolver solucións innovadoras e accesibles.

Software libre e Intelixencia Artificial



O software libre facilita a creación de sistemas comprensibles e éticos, fortalecendo a transparencia e impulsando a innovación á vez que reducen custos e tempos de desenvolvemento.

Guía de Boas Prácticas para adoptar a IA na túa empresa





Apeiría

Seguindo a liña de centralización das iniciativas de software libre a través de Mancomún, este ano 2024 púxose en marcha apeiria.mancomun.gal, o servizo orientado a que empresas galegas poidan probar solucións de software libre na nube.

Durante o ano 2024 incorporouse unha nova solución ao catálogo, **listmonk**, ferramenta para a creación e envío de *newsletters*.



 listmonk

 PSONO

 TAIGA


Nextcloud


FacturaScripts


ROCKET.CHAT


PrestaShop



Incentivar as prácticas InnerSource entre as empresas galegas



Durante este ano 2024 puxéronse en marcha dous cursos en liña sobre *InnerSource*:

- ✓ [Fundamentos de InnerSource.](#)
- ✓ [Modelos de InnerSource para Pemes.](#)


O obxectivo destes cursos é comezar a formación tanto de persoas que queiran adquirir competencias neste eido, como empresas galegas que queiran apostar por este modelo.

Realizáronse dúas edicións titorizadas dos cursos en liña, durante as cales unha persoa experta neste eido se encargou de dinamizar os foros dos cursos, ofrecer sesións de titorías personalizadas e completar os materiais dixitais con sesións en liña.



Incentivar as prácticas InnerSource entre as empresas galegas

- ✓ Organizáronse varios **webminars** que cubriron os principais aspectos para a adopción de **prácticas InnerSource**, destacando os aspectos clave, ferramentas, a relación coas metodoloxías áxiles ou casos prácticos.
- ✓ Celebrouse a primeira **xornada de traballo** sobre InnerSource da comunidade galega, contando coa participación da Amtega e varias empresas.
- ✓ Publicáronse na Eira de Mancomún as fontes para xerar as versións impresas dos **libros sobre InnerSource** traducidos ao galego. Ademais foron repartidos exemplares impresos entre as principais bibliotecas públicas e bibliotecas universitarias.






Difusión tecnolóxica en software libre para Pemes

Unha demanda habitual das empresas galegas é a necesidade de coñecer alternativas de software libre que se poidan adaptar ás súas necesidades. Para isto, desenvolvéronse distintas actuacións para dar a coñecer solucións de software libre de interese para as empresas, e continuouse a ofrecer o servizo de asesoramento sobre liberación de software, alternativas libres para o seu negocio, ou o apoio na procura de provedores galegos que oferten servizos sobre solucións libres.

Mantívose a publicación mensual dun [boletín informativo](#) con solucións libres empresariais que cubran necesidades básicas de xestión do día a día das Pemes, así como ligazóns a novas ou artigos de interese; a publicación de [artigos tecnolóxicos](#) relacionados coa **Intelixencia Artificial** e sobre ferramentas libres orientados á empresa, centrándose en dar a coñecer casos de éxito, novidades do sector, boas prácticas no uso de solucións libres, comparativas entre solucións alternativas...



Martes, 14 Xaneiro 2025

Aplicacións libres orientadas a empresa – Copia do texto das imaxes

Nesta entrega analizaremos outra ferramenta importante para o traballo, a identificación e copia dos textos das imaxes con TextSnatcher en sistemas GNU/Linux. TextSnatcher é unha aplicación libre e sinxela que nos permite extraer os textos das imaxes (usando dixitalización de textos ou OCR). Por detrás traballa coa potente ferramenta libre Tesseract. Existen moitas ferramentas para [...]

#APLICACIONSLIBRESPARAEMPRESA




Mércores, 11 Decembro 2024

Proxectos libres de IA – EuroLLM, liderando a IA de Código Aberto en Europa

Continuamos coa publicación de artigos sobre proxectos libres relacionados coa Intelixencia Artificial. Co lanzamento dos seus primeiros modelos de linguaxe extensa (LLM), o proxecto EuroLLM pretende ofrecer un modelo LLM multilingüe e multimodal competitivo para os 24 idiomas oficiais europeos. Iniciado en setembro de 2024 e publicado baixo a licenza de código aberto Apache 2.0, [...]

#IA



Mércores, 13 Novembro 2024

Appointment de Thunderbird, para programación de reunións

Un novo proxecto de Thunderbird, Appointment, fai reunións con calquera persoa, colegas e descoñecidos. Esquece os correos electrónicos intentando axustar reunións. Appointment axilita a reunión entre organizacións. Con Appointment, a túa programación de reunións é facilmente a túa disposición.

#APLICACIONSLIBRESPARAEMPRESA



Difusión tecnolóxica en software libre para Pemes

Durante o 2024 continuouse alimentando o catálogo de [Solucións TIC](#) do portal Mancomún engadindo novas solucións ata acadar un total de **192 solucións**.

Lembrar que cada unha das solucións neste apartado consta dunha breve descrición da plataforma ou do software en cuestión, entrevistas ou artigos relacionados publicados no portal se os houbera, ligazón á páxina do proxecto suxerido, ligazón á demo en apeiria.mancomun.gal se existe, ademais doutras posibles ligazóns a sitios relacionados. Tamén se inclúe unha lista de fornecedores galegos da solución proposta obtida do [Mapa de capacidades dixitais de Galicia](#), punto de referencia da oferta tecnolóxica en Galicia.



Luns, 25 Novembro 2024

Poppler

Poppler é unha biblioteca de software libre para xerar documentos pdf que se usa comúnmente en sistemas GNU/Linux e polos visores de PDF dos entornos de escritorio de software libre GNOME e KDE. O seu desenvolvemento é mantido por freedesktop.org. O proxecto foi iniciado con dous obxectivos: proporcionar a funcionalidade de renderizado de PDF como [...]

ENLACE EXTERNO



Luns, 25 Novembro 2024

FOG Project

FOG Project é unha suite gratuita e de software libre para a clonación, rescate, inventario e xestión de imaxes de disco. As características poden ser activadas a través dunha interface web unha vez que a máquina cliente foi rexistrada en FOG. FOG pode ser usado para clonar PCs con Windows XP, Vista, Windows 7, Windows [...]

ENLACE EXTERNO



Luns, 25 Novembro 2024

Simpli

Simpli é unha plataforma de software libre para o acceso e a interoperabilidade de datos europeos. Proporciona múltiples interfaces web, de uso libre, que se comparten de calidade de datos e iniciativa financiada pola UE nas seguintes [...]

ENLACE EXTERNO



Capacitación de profesionales TIC, estudos e informes

A formación continua é unha necesidade no ámbito empresarial, imprescindible para a mellora dos profesionais e o incremento da competitividade das empresas. Na oferta formativa en software libre, hai que salientar a formación ofertada polo [Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia \(CNTG\)](#). Este centro trata de organizar a súa oferta formativa sempre en consonancia coa demanda de profesionais do mercado laboral e coma sempre, estará impregnada dunha forte presenza de solucións de software libre.

As novas edicións dos estudos do Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia ([OSIMGA](#)) sobre a evolución do uso do [software libre nas empresas de Galicia](#) servirán de base para coñecer e responder o máis axeitadamente posible as necesidades das empresas galegas, definir novas actuacións e propoñer as medidas correctoras necesarias para incrementar a presenza do software libre no sector empresarial.

46
cursos

2.774
horas

988
persoas



Cidadanía

Outro dos eixos nos que se enfocan as actuacións de fomento e difusión do software libre dende a [Amtega](#) é a cidadanía. Neste ámbito a Amtega mantivo a colaboración cos diversos axentes do ecosistema galego do software libre, como as Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL), o Consorcio Interuniversitario de Galicia (CIXUG) e os Colexios Profesionais, para a organización de actividades de promoción de Software e Hardware Libre para diferentes colectivos da cidadanía. Destacando tamén as actuacións que se promoveron a través da [Rede CeMIT](#).



Colaboración coas AGUSL

A través da colaboración coas **Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre** apoíouse o labor social e voluntario que estas asociacións veñen desempeñando a prol do fomento, desenvolvemento e implantación do software libre en Galicia.

A Amtega colaborou coas AGUSL na celebración de xornadas de divulgación, **obradoiros** e cursos de formación sobre software e hardware libre dirixidos á cidadanía; na elaboración de documentación en galego de forma que se facilite a formación sobre tecnoloxías libres na nosa lingua; no fomento e difusión da localización de **software libre ao galego** contribuindo así á normalización da nosa lingua nas TIC; na visibilización de Galicia nas comunidades de software e hardware libre a través da participación e organización de **conferencias de carácter nacional ou internacional** ou coa difusión de proxectos de interese social desenvolvidos na nosa comunidade; e finalmente no fomento do software libre en proxectos de **cooperación ou solidariedade social**.

+ 140
actividades

500 horas

3.550
persoas

13

Colaboración coas AGUSL

Organización e participación en xornadas de referencia no sector como os GPUL School, a xornada de usuarios R, a xornada de Software Libre científico e diversos obradoiros e charlas abertas. Así como a edición dun libro infantil sobre mapas colaborativos.



Eventos de GALPon

Próximos Eventos

☐ Eventos pasados

Marzo De 2024



Software libre para fotógrafos, uso básico de darktable

Vigo

12/20 plazas disponibles


Abril De 2024



Software libre para radioaficionados

Vigo

17/20 plazas disponibles



Introdución ao uso de nftables para construír devasas personalizadas

Vigo

17/20 plazas disponibles





Cidadanía

Colaboración coas AGUSL

Organización e participación en eventos de referencia no sector como a OSHWDem, esLibre, FOSDEM, HackUDC...



HACK UDC



OSHWDem 2024

Feria de tecnologías abiertas
12 de Octubre
A Coruña, Museo Domus

FOSDEM 2024

Brussels / 3 & 4 February 2024

beer

open source
lightning talks



devrooms

8000-
861 lec

15

Congreso esLibre

València, 24 y 25 de Mayo

Edición presencial y virtual





Colaboración con CIXUG


Fomento do Software Libre na Universidade



A través do Convenio de colaboración co Consorcio Interuniversitario de Galicia ([CIXUG](#)) desenvolvéronse unha serie de actuacións para continuar a impulsar a promoción e fomento do uso de software libre no ámbito universitario:

- ✓ **Premio ao mellor traballo universitario** con licenza libre.
- ✓ Servizos para a comunidade universitaria como o proxecto [DOCOMUN](#), un repositorio de modelos baseados en formatos abertos para elaboración de traballos universitarios, obradoiros de instalación, así como a realización dunha [enquisa de coñecemento e uso de software libre](#) no ámbito universitario.
- ✓ Asesoramento, talleres e xornadas de **divulgación e puntos de información**.





Cidadanía

Colaboración con AMIT

A AVENTURA QUE ME ESPERA: descubriendo
a ciencia
e a tecnoloxía

Temática	Relatora
Introdución e presentación da xornada	María Carreiro Otero
Saídas profesionais das enxeñeiras navais	Laura Alonso García
Vocacións STEM	Andrea Fernández Sánchez
Coñecemento para emprender	Eva López Barrio
O láser e o patrimonio cultural	Ana Jesús López Díaz
O láser e o patrimonio cultural	Teresa Rivas Brea
Dende unha carreira de ciencias á empresa	Sonia Martínez Arca
Medicina personalizada	Rocío Mosquera Álvarez

A través dunha nova colaboración coa Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas ([AMIT](#)) organizouse unha xornada dirixida a nenos e nenas.

✓ O obxectivo foi dar a coñecer diferentes roles laborais que combinan a **ciencia e a tecnoloxía**, a través de dez mulleres relatoras que traballan en diversos campos, como o académico, administrativo ou empresarial.

AMIT



Poñer en valor o papel da muller na tecnoloxía

Unha das accións máis positivas á hora de **incentivar a participación das mulleres no ámbito das STEM**, e en particular da tecnoloxía, é a de poñer en valor o papel de moitas mulleres que traballan nestes eidos, é dicir, **crear referentes**. Entre as accións realizadas neste 2024 destacamos:

- ✓ A publicación de **infografías** de mulleres referentes (de actualidade), no portal Mancomún.
- ✓ A realización dunha mesa redonda polo **día Internacional das mulleres**, con varias das invitadas que pasaron polos **Faladoiros de Mancomún** en diferentes edicións.
- ✓ A apertura de liñas de colaboración con diferentes colectivos para realizar actividades conxuntas, como **FADEMUR** (Federación de Asociacións de Mulleres Rurais).





Cidadanía

Entrevistas a persoas da comunidade sobre a súa experiencia no día a día empregando software libre

Elena Salgado

Víctor Tilve



Informática, administradora do CRM dunha gran empresa

"O meu consello para quen estea interesado en comezar a usar software libre é que aínda que a adaptación ao novo sempre é difícil, co software libre sempre vas atopar documentación para aprender e unha gran comunidade para resolver dúbidas"

Matemático, profesor de FP presencial e Universidade a distancia.

"O que máis valoro do software libre é a facilidade para atopar información e resolver problemas. O software libre fai posible a reutilización de hardware que o software comercial considera obsoleto, simplifica moito as condicións de acceso e uso e permite unha maior personalización e adaptación do software."



Esperanza Martín

Sergio Fernández



Arqueóloga, topógrafa e ilustradora.

"Dedicome a perder o tempo, a escavar e facer cousas dese estilo. Ultimamente estamos bastante centrados no tema virtual e de xeración de modelos tridimensionais para a posta en valor de diferentes xacementos arqueolóxicos e coleccións."



Técnico de proxectos da Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia.

"O impacto directo do software libre na miña vida foi o acceso máis sinxelo e gratuito a moitas aplicacións de uso habitual, cunha comunidade grande detrás."

María José Ginzo

Fco. Javier Teruelo



Profesora Axudante Doutora no Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización da USC.

"O consello que lle daría a alguén que está interesado en comezar a utilizar software libre pero non sabe por onde empezar, é simplemente que se anime, que rompa a barreira, que non é so cousa de frikis..."

Profesor de geografía e historia, antigo Coordinador Informático.

"Últimamente estoy peleándome con Butt y G-Radio como programador de emisións, combinado con icecast. Con Mixx ya no da problemas, pero no sempre se puede estar al control directo..."



Paola Mondaca

Evelio Sánchez



Secretaría técnica da Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia.

"Do impacto positivo que tivo o software libre na miña vida destacaríaa a privacidade, seguridade e fiabilidade, ademais da parte económica."



Arquitecto. Consultor en ediliciaBIM e xestor do despacho de arquitectura SPA Planeamento.

"Moitas das ferramentas que emprego no meu día a día son software libre ou teñen relación con tecnoloxías abertas. O meu interese por estas tecnoloxías, e profundar no coñecemento das mesmas, ten feito que outros profesionais me fagan chegar dúbidas e inqñanzas ao respecto..."

Patricia Iglesias

Marc Romero



Técnica de educación para a transformación social da ONGO Amigas da Terra.

"As ferramentas de software libre que máis emprego no día a día son LibreOffice, Thunderbird e Firefox."

Investigador predoutoral sobre medio ambiente e recursos naturais pola Facultade de Bioloxía da USC.

"O que máis valoro ao elixir unha ferramenta de software libre é a sensación de estar utilizando algo que a comunidade está auditando de forma continua e facendo melloras nel."



Coñecer experiencias de xente próxima axuda a perder o medo e atreverse a probar certas cousas. Por iso durante o ano 2024 realizáronse **entrevistas a xente do común**, que fai uso habitual do software libre, sobre o seu día a día con estas tecnoloxías e a súa experiencia.





Fomento do software accesíbel

A accesibilidade no software é vital para garantir a universalidade do mesmo e na loita contra a fenda dixital. A través do diálogo con diversos colectivos que traballan no eido da diversidade funcional, realizáronse diversas accións para fomentar a creación de **software máis accesíbel**.

- ✓ Elaborouse a primeira guía sobre accesibilidade no software, cun enfoque baseado sobre todo na importancia de tela en conta, á hora de desenvolver software e contidos dixitais. Con prácticas e ferramentas útiles, pero sobre todo co foco de incentivar a súa incorporación.

O [W3C](#) define a accesibilidade como:

"O aceso de todas as persoas á Web, independentemente do tipo de hardware, software, infraestrutura de rede, idioma, cultura, localización xeográfica e capacidades das persoas usuarias."

O software libre é a ferramenta perfecta que encaixa ao 100% con esta definición.

Software libre y accesibilidad

- El Software libre u Open Source juega un papel importante a la hora de eliminar las barreras que impiden a las personas percibir, manejar y comprender mejor los contenidos digitales, ya que existen muchas herramientas de uso libre que ayudan a auditar, analizar y mejorar las herramientas digitales.
- El software siempre es desarrollado por personas o entidades con sus propios intereses. Entre ellos puede estar el hacerlo accesible o no. Cuando ese software se comparte con licencias privativas, no hay posibilidad de mejorar su accesibilidad salvo que sus propietarios quieran. En cambio, el software liberado bajo licencias libres, puede ser modificado, y por tanto, aunque en su creación no se haya tenido demasiado en cuenta la accesibilidad, sí se puede mejorar con contribuciones a posteriori.

La accesibilidad como un derecho fundamental

- En un mundo cada vez más digital, el acceso equitativo a la información y las tecnologías de la información y comunicación (TIC) es un derecho fundamental que garantiza la igualdad y la dignidad de las personas.
- La Constitución Española, en su artículo 9.2, establece que los poderes públicos deben promover condiciones para que la libertad y la igualdad sean reales y efectivas, eliminando obstáculos que dificulten la participación plena de todos en la sociedad.
- El artículo 10 refuerza que la dignidad humana y los derechos inherentes son pilares del orden político y la paz social. La accesibilidad, como parte de esta dignidad, permite que las personas sean autónomas y tengan una vida plena.



Diseño para Todos



El Diseño para Todos (DPT) o Diseño Universal (DU) es un enfoque que se está implementando progresivamente en diversos ámbitos, especialmente en las instituciones europeas, para crear entornos inclusivos que atiendan las necesidades de todas las personas, independientemente de sus particularidades, edad o habilidades. En la Unión Europea, el programa de la accesibilidad busca lograr una Sociedad de la Información accesible para todos, eliminando barreras digitales y promoviendo la calidad de acceso.

En este contexto, la Agenda 2030 de la ONU destaca la importancia de la accesibilidad cognitiva para alcanzar los Objetivos de Desarrollo Sostenible, especialmente en la educación, que debe ser inclusiva y de calidad para todos.



Rede CEMIT

A rede de aulas [CeMIT](#) repartidas por toda Galicia é un dos piares fundamentais para achegar a tecnoloxía e a capacitación dixital á cidadanía, incluíndo formación en tecnoloxías disruptivas aproveitando o novo equipamento incorporado as aulas en 2023.

Dende a Oficina de Software Libre continuouse a prestar apoio á rede CeMIT para aumentar os recursos formativos en software libre.

+ 650
cursos

12.850
horas

6.000
persoas





Administración

No eido da administración pública, as principais liñas de actuación consistiron en manter a aposta pola reutilización de software libre para o desenvolvemento de novos servizos, mediante o asesoramento e a difusión entre os responsables TIC de casos de éxito doutras administracións públicas; a difusión dos casos de éxito propios fóra da nosa comunidade; así como o fomento da publicación e liberación de novas solucións de software desenvolvidas pola Xunta de Galicia.




Administración

Publicación de Software Libre

Cumpríuse o obxectivo da **publicación con licenza libre** de polo menos un novo proxecto desenvolvido pola Xunta de Galicia, seleccionado en base á súa potencial reutilizabilidade.

Durante o ano 2024 púxose en marcha o novo **Repositorio de Software Libre** da Xunta de Galicia, denominado [A Eira de Mancomún](#) e baseada no software libre GitLab. Co obxectivo de modernizar este servizo e facilitar as posibles contribucións aos proxectos liberados.

A Oficina de Software Libre da Amtega mantivo o servizo de **apoio aos responsables de proxectos para a liberación de calquera recurso**, sexan contidos ou software. Encargándose de realizar a análise do código dos desenvolvementos co obxectivo de verificar que estean libres de fragmentos e dependencias con software non libre, e polo tanto certificar que é posible a súa liberación, así como indicar as condicións en que se pode proceder á mesma.





Administración

Fomento da reutilización

A Oficina de Software Libre da Amtega continuou realizando unha difusión periódica de solucións e de casos de éxito de implantación de Software Libre noutras administracións públicas a través do [boletín en materia de reutilización](#) destinado aos responsables TIC da Xunta de Galicia, e dispoñible para calquera outra administración pública e para a cidadanía en xeral a través do portal mancomun.gal.

Durante o ano 2024 presentouse un formato renovado deste boletín.

Setembro 2024

Boletín de Software Libre na Administración

NÚMERO 122



Cursos titorizados sobre InnerSource

[Ler máis](#)



Mancomun podcast –
Wolvic, navegador aberto
para XR



Amplíase o prazo de
inscrición no Premio ao
mellor traballo
universitario libre



Entrevista
comunicación
libre: Paola Mondaca



Asesoramento sobre ferramentas libres e estándares abertos



Mantívose o **servizo de asesoramento** en materia de Software Libre e reutilización aos diferentes departamentos da Xunta de Galicia, para atender as consultas para a identificación de alternativas en software libre que cubran unha necesidade concreta, elaborar análises de cláusulas de licenciamiento ou propiedade intelectual a incluír nas contratacións TIC, realizar informes sobre a madurez dunha solución libre preidentificada ou identificar posibles melloras no soporte de estándares nos servizos de administración electrónica entre outras.

Ademais, a Oficina de Software Libre mantivo unha vixilancia proactiva para garantir que as ferramentas de e-Administración para a comunicación coa cidadanía e as empresas cumpren co principio de non discriminación por escolla tecnolóxica.





Administración

Newsletter sobre licenzas de software libre

Este ano arrincou un novo servizo, xestionado dende a Oficina de Software Libre, orientado á **difusión de boas prácticas** sobre publicación de contidos e software con licenzas libres.

A través do envío dun **newsletter** por correo electrónico á todas as contas corporativas tratará de incentivarse o emprego de licenzas libres para a publicación de contidos e software por parte da administración.



Hoxe
falamos...

...de Mancomún

...de aspectos a
ter en conta
para poñer
unha licenza

...das licenzas
recomendadas
pola Xunta de
Galicia

...da cláusula NC



Administración

Formación en Software Libre para o empregado público

A formación e capacitación dos empregados públicos en materia de software e cultura libres é crucial para o éxito do fomento do uso e implantación de software libre na administración pública.

O Plan Formativo Ofimático de Galicia, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública ([EGAP](#)), contempla a programación de accións formativas no ámbito de competencias dixitais ComDix.


Por outra parte, o [Plan anual de formación do profesorado](#) dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, conta con multitude de accións formativas e de acompañamento á implantación e desenvolvemento de Edixgal nos centros educativos, como por exemplo cursos básicos do contorno e equipamento ABALAR, entre outros.



90
cursos

2.100
horas

4.300
persoas



O portal mancomun.gal mantívose como o portal público de referencia na difusión de software libre en Galicia. Nel, a Oficina de Software Libre da Amtega recolleu as novas e a actualidade do ecosistema galego, ademais de servir de canle a través da que se deu conta das actuacións promovidas pola Amtega para o fomento do software libre na comunidade.

A través do portal reforzáronse outras actuacións que se veñen levando a cabo para a difusión do software libre entre a cidadanía, incorporando novos medios de difusión e potenciando a elaboración de material audiovisual, que complementa as outras liñas de actuación, como entrevistas, videotutoriais, pímulas informativas ou reportaxes sobre eventos.



Difusión de software libre

A través do portal Mancomún reforzouse a difusión de información de actualidade do Software Libre en Galicia, coa publicación de **250 novas** ao longo do ano.




Universi**DATA** beta

El portal de los **DATOS** abiertos sobre educación superior

**2024
State of
Open Source
Report**

Open Source Usage,
Market Trends,
& Analysis



nos



jornadassiglibre

Geotech/Spatial Data Science

**REPAIR
CAFE** A CORUÑA



OPEN
DATA
DAYS



Mancomún

Podcast


O [Podcast de Mancomún](#), que tan boa acollida tivo dende o seu lanzamento, seguíu presente coa realización de programas periódicos, tocando temas diversos do software libre e facendo series especiais de programas dedicados a tecnoloxías e temáticas concretas.

17 programas

+ 14.000
reproduccións

Subscripción aos canles do podcast





Axenda

A [Axenda de Mancomún](#) presentouse como un novo espazo no que recoller sobre un calendario as actividades, encontros, ou efemérides máis destacadas da actualidade do software e hardware libre en Galicia.

92 eventos

Galicia conta cunha comunidade sólida de asociacións, grupos informais e entidades comprometidas coa promoción do software, hardware e cultura libres. Desde Mancomún queremos axudar a súa visibilidade potenciando a difusión de todas as actividades que realizan, desde a organización de eventos e charlas ata a participación activa en proxectos de software e hardware libre.



Queres engadir un evento á axenda?

Se vas a organizar un evento relacionado con software ou hardware libre en Galicia podes enviarnos información sobre o mesmo para que o incluíamos na axenda e lle demos difusión.

[Contacto](#)



Boletín de Software Libre

Todos os interesados en manterse ao día sobre as últimas novidades e recursos no ámbito do software libre e da cultura libre, poden recibir información directamente no seu correo.

No pé do portal de Mancomún atoparedes o botón para subscribirse ao noso **boletín sobre software libre**.



Boletín do software libre Infórmate!

email@email.com

SUSCRIBIRME

Novembro 2024
Mantente ao día das últimas novidades de software libre e código aberto en Galicia.

O mes de novembro estivo repleto de novas interesantes.

ÚLTIMAS NOVAS

Patricia Iglesias

Técnica de educación para a transformación social da ONGO Amigas da Terra.

“ As ferramentas de software libre que máis emprego no día a día son LibreOffice, Thunderbird e Firefox. ”

Entrevistas a persoas da comunidade de software libre: Patricia Iglesias | [Ler máis](#)

A Axencia Espacial Europea está a explorar o Software libre no Espazo | [Ler máis](#)

DIPAS: Ferramenta de participación | [Ler máis](#)




Terceira edición de HackUDC | [Ler máis](#)

Thunderbird para Android | [Ler máis](#)

Estado do software libre en Irlanda | [Ler máis](#)

CURSOS E XORNADAS



Decembro 2024
Mantente ao día das últimas novidades de software libre e código aberto en Galicia.

O mes de decembro estivo repleto de novas interesantes.

ÚLTIMAS NOVAS

Marc Romero


Investigador predoutoral sobre medio ambiente e recursos naturais pola Facultade de Bioloxía da USC.

“ O que máis valoro ao elixir unha ferramenta de software libre é a sensación de estar utilizando algo que a comunidade está auditando de forma continua e facendo melloras nel. ”

Entrevistas a persoas da comunidade de software libre: Marc Romero | [Ler máis](#)

OpenStreetMap migra a Debian | [Ler máis](#)

Primeiro programa de LibreOffice Podcast | [Ler máis](#)




Open Water, acceso universal á auga | [Ler máis](#)

Blender 4.3 | [Ler máis](#)

EuroLLM, liderando a IA de Código Aberto en Europa | [Ler máis](#)

CURSOS E XORNADAS





Redes e servizos

A Amtega pon a disposición de toda a cidadanía outros servizos en materia de Software Libre como son o [Repositorio Documental de Software Libre](#) e o Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia, [A Eira de Mancomún](#).

Así, a cidadanía pode solicitar a publicación de calquera material formativo ou divulgativo sobre software libre con formato aberto, licenza libre e en lingua galega no Repositorio Documental, que durante o 2024 foi ampliado e xa conta con **350 entradas**. A Eira de Mancomún é un servizo ofrecido para que poida ser empregado como ferramenta de desenvolvemento de proxectos de software con licenza libre, que será empregado pola propia administración para a liberación dos seus propios proxectos. Durante o 2024 traballouse na migración de proxectos ao novo servizo.

Neste ano consolidáronse as novas canles de redes sociais para Mancomún (Twitter, mastodon e Youtube), con novos tipos de contidos para diversificar aínda máis a oferta de difusión, chegando a novos públicos.

Síguenos nas redes sociais



Balance Plan de Acción Software Libre 2024



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA